

## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº1/2016, ORDINARIA, REALIZADA O 28 DE XANEIRO DE 2016.**

### ASISTENTES

#### Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

#### Concelleiros/as

##### Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
RAMILO VARELA, Margarita  
BARBEITO REY, Carlos  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
REGUEIRA MOAR, Rubén

##### Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier  
BLANCO FIDALGO, Patricia (incorpórase ás 13:03)  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria (incorpórase ás 12:05)  
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

##### Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

#### Interventora do Concello

Noemí González Mato


#### Secretario do Concello


Diego García Doval

**HORA DE INICIO:** 12:04

**HORA DE REMATE:** 13:30

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:04 horas do 28 de xaneiro de 2016, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 25 de xaneiro de 2016, segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se na sesión 1/2016, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

### ORDE DO DÍA

#### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 7/2015, extraordinaria, do 15 de decembro de 2015).
- 2.- Proposta de aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2016.
- 3.- Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2016.
- 4.- Proposta de participación do Concello de Carral no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2016" da Deputación Provincial da Coruña.

#### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 5.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 6.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 7.- Rogos e preguntas.

### PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ( Nº 7/2015, EXTRAORDINARIA, DO 15 DE DECEMBRO DE 2015).**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión 7/2015, extraordinaria, do 15 de decembro de 2015.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

#### **2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016.**


##### **EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de xaneiro de 2016, como segue:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto: Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2016**

Logo de formarse por esta Alcaldía o proxecto de orzamento xeral do Concello para o ano 2016, que contén os documentos esixidos polo artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), cunha consignación total de crédito para gastos por importe de 4.382.546,68 euros , e unha previsión total de ingresos por importe de 4.382.546,68 euros.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:*

Logo de ver o informe económico-financieiro emitido o 15 de xaneiro de 2016 por esta Alcaldía en relación a tal proxecto de orzamento, así coma senllos informes da Interventora do Concello, do 18 de xaneiro de 2016, de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (no que se indica que se cumpre tal obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais), e do 19 de xaneiro de 2016 sobre a globalidade do proxecto de orzamento.

Logo de someterse o expediente do proxecto de orzamento á mesa de negociación realizada o 21 de xaneiro de 2016.

De acordo co establecido no artigo 168.4 TRLRFL, unha vez informado pola Intervención o proxecto de orzamento xeral do Concello para 2016, logo de someterse á mesa de negociación en relación ás materias establecidas no artigo 37 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, e do preceptivo ditame da comisión informativa permanente correspondente, remito ao Pleno o expediente e

### PROPONO

Que adopte os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Carral para o ano 2016 cunhas previsións no orzamento de ingresos de 4.382.546,68 € e unha consignación no orzamento de gastos de 4.382.546,68 €.
- 2.- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- 3.- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.
- 4.- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.
- 5.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2016 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con catro abstencións dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do grupo mixto (ACC/SON) presentes na sesión.


### DEBATE

(Ás 12:05 horas incorpórase á sesión a señora Rodríguez Lado).

O señor Alcalde explica que tiveron a comisión informativa e que nela a Interventora clarexou algunhas dúbidas.

O señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON) indica que o orzamento para Carral ten unha contía de 4.382.546,68 € tanto en ingresos coma en gastos, mais manifesta que non vai falar de números, se non dalgúns detalles que destacan no informe de Intervención. Resalta que hai unha






## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

deminución de ingresos con respecto a 2015 do 2,64%. No capítulo I, referente a impostos directos coma o IBI, o IVTM ou o IAE, prevese un incremento (cunhas previsións de arredor de 1.573.000 €) grazas á Central Térmica de Meirama, polo que dá os seus "parabéns" a este goberno e ao anterior por acadar que paguen algo tras todos estes anos. Explica que hai unhas previsións de ingresos por impostos indirectos de arredor de 69.000 €, ao respecto dos cales a Intervención di que non son fáciles de estimar pola recesión, o que coida que "non está nada ben". Engade que, segundo o informe da Intervención, as previsións de ingresos por taxas e prezos públicos baixan dende 2013, e comenta que os ingresos patrimoniais lle paracen insignificantes, coma os derivados do aluguer do local social de Quembre. No tocante aos gastos, indica que existe unha partida moi grande de persoal, que subirá un 1% por lei, ademais da devolución da extra de 2012, o incremento de categoría dalgúns obreiros contratados coma oficiais de segunda e que realizan tarefas de oficiais de 1º, ou facer fronte a diversas sentenzas xudiciais por problemas de pagamentos entre os traballadores e o equipo de goberno. Asemade, coida que "a normalizadora lingüística vai pasar a ser auxiliar administrativa, e que non sabe que pasa", con 5.550 € orzamentados para iso. Engade que os gastos en bens correntes e servizos se van incrementar nuns 406.000 € para dar cobertura a cuestións pendentes de 2015. Indica que "se esqueceu de poñer que o ano pasado o goberno cobraría uns 100.000 € e este ano uns 20.000 € máis". En canto ás subvencións recollidas no orzamento, opina que o máis salientable é o PXOM e que, aínda que o señor Alcalde dixo que era ecoloxista, non ve subvencións para a limpeza dos ríos ou os montes, e opina que habería que buscalas. Por outra banda, engade que hai un "tocho gordo de números detallado para cada departamento" e lembra que, aínda que no primeiro pleno a señora Duarte Gerpe dixo que non había gastos de protocolo, hai previsións para atencións protocolarias e representativas de departamentos coma servizos sociais, cultura ou deportes, e pregúntase se non sería mellor pasar ese gasto protocolario a finalidades de servizos sociais. Por outra banda, comenta que lle chama a atención o crédito consignado para gastos de combustible e carburantes de fomento do emprego (2.500 €), en comparación co da policía (500 €) ou o de protección civil (750€). Por último, manifesta que se verá ao longo do ano se está ben orzamentado e non hai que imputar a 2017 gastos de 2016.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) adianta que o seu grupo votará en contra da proposta, pois explica que, ata que se aprobe a liquidación do ano pasado, non se sabe que parte da débeda de 1,2 millóns de euros se absorbeu en 2015, de xeito que se podería estar en 400.000 € de superávit que non son reais de 2015, polas perdas de 1,2 millóns en 2014. Engade que este orzamento tería que sufrir un axuste, e que avanza un pouco, mais non se sabe canto ata contar cos datos reais deste ano. Ademais, manifesta que se incrementa o gasto de persoal, e que lle preocupa o incremento dun 40% no gasto en bens correntes e servizos, e non entende como suben en vez de baixar, estando cunha débeda de arredor do 87%. Opina que o Concello, cun plan de estabilidade ata 2022 vai estar intervido, e que iso fai necesario axustar gastos. Coida que o investimento é o realmente importante, porque repercute na vida dos cidadáns, e explica que se prevé un incremento de arredor dun 35% (mais só se chegan as subvencións correspondentes e, en caso contrario, non). En relación a isto último, indica que non sabe que previsións se poden realizarse ter máis subvencións concedidas có POS e o PAS da Deputación da Coruña. En conclusión, opina que estes orzamentos non levan ao obxectivo de baixar a débeda e que son ficticios ata que se dispoña da liquidación de 2015.

O señor Alcalde replica que no ano 2015 non tiveron un orzamento nivelado coma o de 2016, o que denota un esforzo por gastar menos. Explica que o incremento das partidas de gasto corrente non supón máis gasto pois, mentres non se aprobe a liquidación, non se sabe exactamente as facturas que chegaron en novembro e decembro, referentes a 2015, que haberá que aplicar a 2016. Engade que non se sabe exactamente como vai ser a execución do orzamento, mais o que si se sabe ao 99% son os ingresos. En relación ás previsións por impostos indirectos, coida que



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:


consignar tan só uns 60.000 euros por licenzas de obras, correspondentes a non máis das seis ou sete vivendas que se poidan facer en 2016, supoñen ser prudentes para intentar baixar a débeda e investir en cuestións que afecten máis directamente aos veciños. Indica que se baixou a débeda, e explica que o Concello non está intervido, pois se se basean para afirmalo en acollerse a un plan financeiro, tamén o estarían Cambre, A Coruña ou Oleiros, o que lle parece un erro ou unha mala interpretación. Explica que hai limitacións porque se solicitou un crédito para pagar a acredores, como fixeron o 90% dos concellos en España, que haberá que pagar en 10 anos con dous de carencia, o que vai mellorando coa evolución dos xuros. Explica que, por iso, nos investimentos o Concello só pode realizar unha achega máxima do 20%, mais que se consignan máis de 120.000 € para cubrir achegas a subvencións que se soliciten. Recoñece que lle gustaría facer máis, mais os números son fríos. Explica que non suben as previsións de ingresos porque as súas posibilidades son iguais que en 2015, a excepción de Meirama, en relación á cal se conseguiu que pague IAE e IBI, , tras litixios durante moito tempo como consecuencia de non ter velado nos anos 80 polas nosas propiedades. Lembra que el insistiu sobre a titularidade de Carral de arredor dun 7% dos terreos, e que o recoñecemento diso ven ben e é de xustiza. Asemade, agradece ao señor Bergondo os seus parabéns. Por outra banda, explica ao señor Couto que se plasman os investimentos que están confirmados e que, por exemplo, estes días hai convocatorias da Xunta, da Deputación ou do Consorcio das Mariñas que, mentres non sexan fixas, non se poden meter no orzamento. Indica que, por exemplo, o que se moveu en 2015 quizais chegue a uns seis millóns de ingresos e pagamentos. Manifesta que hai que facer fronte ao incremento do 1% por lei para as retribucións do persoal da Administración en 2016, e a algúns axustes por reclamacións de traballadores, pois hai que acatar as decisións xudiciais. Explica que o cambio de oficiais de 2ª a 1ª polas súas funcións non suporá un custe elevado, e engade que o Concello segue tendo unha normalizadora lingüística, mais que ten acumulación de tarefas porque fai funcións de auxiliar administrativo para os servizos xurídicos. Indica que agora cobra uns 700 € mais merece unha equiparación polas funcións que desempeña. Coida que setrata dun bo orzamento, non tan cru coma os de 2013, 2014 e 2015, mais que haberá que seguir sendo conscientes da realidade para non pasarse con gastos que se poidan evitar. Opina que hai "fabas contadas" e que hai que priorizar, mais indica que os eu equipo de goberno tentará que a calidade de vida non merme e que os gastos redunden en beneficio da veciñanza.


O señor Bergondo Taboada resposta que "de nada" e lembra que queda reflectido na acta que os orzamentos se fan en beneficio da veciñanza, e opina que ao longo do ano poderán ver se é así ou non.

O señor Couto, pola súa banda, coida que a discusión é coma a de se houbo rescate ao Estado español ou non, e que o feito é que o Estado fixa medidas que o Concello ten que cumprir. Recoñece que quizais é excesivo o termo "intervido" rque se pode dar grazas de que non hai no Concello xente doutra Administración. Reitera a súa opinión de que o fundamental é a liquidación de 2015, de modo que quizais o superávit de 400.000 se poida ver tocado en 2016 por aquela. Coida que este orzamento se trata de "cubrir o expediente" ata que chegue a liquidación, e lembra que se fan orzamentos dende o "plan de estabilidade", pois antes non se facían, do que provén a situación actual, cunha débeda que case chega ao 90%. Reitera que o seu grupo vai votar en contra da proposta e indica que haberá que facer un esforzo por reducir gastos para manter a autonomía.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto presentes na sesión neste





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

intre, adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Carral para o ano 2016 cunhas previsións no orzamento de ingresos de 4.382.546,68 € e unha consignación no orzamento de gastos de 4.382.546,68 €.
- 2.- Aprobar o anexo de persoal funcionario e laboral e o catálogo que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- 3.- Logo de aprobar inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.
- 4.- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e remitirase unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.
- 5.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2016.**

#### **EXPOSICIÓN**


No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 18 de xaneiro de 2016, como segue:


#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA (Asunto: Expediente de Recoñecemento Extraxudicial 1/2016).**

**D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO**, Alcalde – Presidente do Moi Leal e Excmo. Concello de Carral, considerando que con data 1 de xaneiro de 2016 quedaron pendentes de aprobación unha serie de facturas e obrigas correspondentes a gastos efectivamente realizados en exercicios pechados, e que por diversos motivos non puideron ser incorporados no anterior expediente, incumpríndose así o procedemento de "aprobación do gasto público" que regula O texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo).

Tendo en conta que a non aprobación destas facturas para o seu posterior pagamento suporía un "enriquecemento inxusto da Administración" e que o artigo 26.2.c do RD 500/90 do 20 de abril, sinala que con cargo ao orzamento corrente podería contraerse obrigas "procedentes de exercicios anteriores a que se refire o art. 60.2 deste Real Decreto". Sinalando á súa vez, o art. 60.2 que "Corresponden o Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria".

**PROPOÑO ó Pleno desta Entidade, logo da fiscalización pola Intervención Municipal a aprobación do Expediente de RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 1/2016 dos créditos que se presentan como Anexo I a este Expediente por importe total de 150.739,47 €.**







# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

## ANEXO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2016.

Nº R.E.	CIF	TERCEIRO	Nº FACTURA	DATA FRA	IMPORTE	FUNCIONAL	ECONÓMICA
F/2015/390	F20025318	ORONA, S. COOP.	1504 1504117986	01/04/15	401,55 €	231	22000
F/2015/935	B15360902	CANARGA, S.L.	290	25/06/15	9.994,15 €	1532	61900
F/2015/1116	B84412683	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP S.L.	115193246	01/08/15	735,17 €	920	22712
F/2015/1290	B36546364	COMERCIAL DE FUNDICIONES GALIPOINT	15 266	01/09/15	1.258,40 €	920	22601
F/2015/1306	B70067020	ELECTRICIDAD SAGOVA S.L.	Emit- 201598	31/08/15	1.512,08 €	338	22626
F/2015/1355	B84412683	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP S.L.	115214913	01/09/15	735,17 €	920	22712
F/2015/1434	B15824170	LIMPIEZAS LA MARIPOSA S.L.	Emit- 7	24/09/15	550,55 €	231	22700
F/2015/1577	B84412683	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP S.L.	115238749	01/10/15	735,14 €	920	22712
F/2015/1582	B15531080	COMERCIAL PEVAZA, S.L.	A-15 048	30/08/15	225,06 €	338	22607
F/2015/1612	A28281368	RADIO POPULAR, S.A., COPE	270200218	30/09/15	677,60 €	338	22627
F/2015/1615	B15651771	AUTOCARES REBOREDO, S.L.	Emit- 13	16/10/15	2.288,00 €	337	22611
F/2015/1621	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 117	19/10/15	800,80 €	231	22713
F/2015/1622	B15505902	BLANCO RIEINUVI, S.L. ILUMINACIONES	Emit- 12	19/10/15	3.073,16 €	338	22627
F/2015/1656	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 120	30/10/15	7.858,95 €	231	22713
F/2015/1657	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 121	30/10/15	457,60 €	231	22713
F/2015/1658	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 122	30/10/15	800,80 €	231	22713
F/2015/1659	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 123	30/10/15	800,80 €	231	22713
F/2015/1660	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 124	30/10/15	629,20 €	231	22713
F/2015/1661	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 125	30/10/15	800,80 €	231	22713
F/2015/1662	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 127	30/10/15	343,20 €	231	22713
F/2015/1663	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 128	30/10/15	800,80 €	231	22713
F/2015/1664	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 129	30/10/15	183,04 €	231	22713







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

F/2015/1665	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 130	30/10/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1666	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 131	30/10/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1667	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 132	30/10/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1668	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 133	30/10/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1669	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 134	30/10/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1670	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 126	30/10/15	343,20 €	231	22713
F/2015/1680	B84412683	SOCIEDAD DE PREVENCION DE FREMAP	115265825	01/11/15	735,06 €	920	22712
F/2015/1707	B70215405	RESTAURANTE A MAGDALENA S.L.	A-- 10	25/10/15	2.831,40 €	231	22613
F/2015/1711	B15664816	ESPROADE, S.L.	S 522	31/10/15	8.117,16 €	342	22799
F/2015/1714	B15664816	ESPROADE, S.L.	S 525	31/10/15	796,18 €	342	22799
F/2015/1720	32774633R	MARIA DEL CARMEN VICENTE VILARIÑO	1/2015	09/11/15	928,00 €	334	22611
F/2015/1722	32839494W	MERCEDES GARCIA PONTE	L715	14/09/15	686,51 €	340	22700
F/2015/1788	32839494W	MERCEDES GARCIA PONTE	L716	19/09/15	843,83 €	340	22700
F/2015/1790	32839494W	MERCEDES GARCIA PONTE	L713	01/09/15	643,60 €	340	22700
F/2015/1791	32839494W	MERCEDES GARCIA PONTE	L712	01/09/15	1.144,18 €	330	22700
F/2015/1836	B70262829	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	2015062	25/11/15	12.412,01 €	1532	61900
F/2015/1843	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 137	30/11/15	457,60 €	231	22713
F/2015/1844	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 138	30/11/15	800,80 €	231	22713
F/2015/1845	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 139	30/11/15	617,76 €	231	22713
F/2015/1846	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 140	30/11/15	629,20 €	231	22713
F/2015/1847	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 141	30/11/15	786,50 €	231	22713
F/2015/1848	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 142	30/11/15	343,20 €	231	22713
F/2015/1849	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 143	30/11/15	343,20 €	231	22713
F/2015/1850	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 144	30/11/15	800,80 €	231	22713








# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

F/2015/1851	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 145	30/11/15	343,20 €	231	22713
F/2015/1852	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 146	30/11/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1853	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 147	30/11/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1854	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 148	30/11/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1855	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 149	30/11/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1856	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 150	30/11/15	228,80 €	231	22713
F/2015/1857	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 151	30/11/15	7.486,88 €	231	22713
F/2015/1869	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	S15 148136	01/12/15	359,00 €	3321	22001
F/2015/1870	B15664816	ESPROADE, S.L.	S 521	31/10/15	405,20 €	340	22109
F/2015/1874	B15664816	ESPROADE, S.L.	S 600	30/11/15	2.171,41 €	330	22799
F/2015/1877	B15664816	ESPROADE, S.L.	S 605	30/11/15	7.855,33 €	342	22799
F/2015/1889	76857045S	LUIS FRAGIO RODRIGUEZ	2850	23/11/15	363,00 €	920	22601
F/2015/1903	B15417694	ANDRES VIEITES ORGEIRA, S.L.	Rect- 10	03/11/15	2.059,42 €	150	22111
F/2015/1904	B15417694	ANDRES VIEITES ORGEIRA, S.L.	Rect- 11	03/11/15	107,69 €	150	22111
F/2015/1905	B15417694	ANDRES VIEITES ORGEIRA, S.L.	Rect- 12	05/11/15	1.546,38 €	150	22111
F/2015/1906	B15417694	ANDRES VIEITES ORGEIRA, S.L.	Rect- 13	07/12/15	2.956,03 €	1532	22111
F/2015/1907	B15417694	ANDRES VIEITES ORGEIRA, S.L.	Rect- 14	07/12/15	58,08 €	150	22111
F/2015/1909	B15680911	ARTABRIA DE PINTURAS, S.L.	20964	30/11/15	37,00 €	920	21300
F/2015/1911	B15360902	CANARGA, S.L.	15 000601	30/11/15	218,86 €	150	22111
F/2015/1913	32616743Y	M <sup>TM</sup> VICTORIA GARCIA COUTO	363	28/11/15	765,00 €	231	22613
F/2015/1915	A84149566	EIVAR OBRAS E INGENIERIA, S.A.	F/15-004833	11/12/15	13,84 €	920	21300
F/2015/1951	B15565864	EMPREGO SOCIAL, S.L.	15- 327	30/11/15	2.632,26 €	171	22711
F/2015/1952	B15565864	EMPREGO SOCIAL, S.L.	15- 328	30/11/15	4.460,56 €	163	22700
F/2015/1953	B15987050	NEUMATICOS MAGAFEY, S.L.	Emit- 15	30/11/15	105,27 €	340	21400







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

F/2015/1954	B84412683	SOCIEDAD DE PREVENCION DE FREMAP	115294926	01/12/15	735,34 €	920	22712
F/2015/1956	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	28-L5Y1-008540	16/12/15	6,05 €	132	22200
F/2015/1958	F70353982	URDIME, S. COOP. GALEGA	15 238	12/12/15	5.600,00 €	334	22608
F/2015/1960	A28011864	SEGURCAIXA ADESLAS S.A	003060_1215_09698936	01/12/15	1.661,90 €	920	16005
F/2015/2012	A36751287	EDICIONES Y PROD.EMPRESARIALES	15701186	17/12/15	242,00 €	338	22620
F/2015/2023	A28281368	RADIO POPULAR,S.A., COPE	270200107	31/05/15	314,60 €	338	22626
F/2015/2024	B15835721	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L.	Emit- 379	20/12/15	289,92 €	341	22610
F/2015/2030	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L. - EL IDEAL GALLEGO	Emit- 121	09/11/15	25,77 €	3321	22003
F/2015/2031	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L. - EL IDEAL GALLEGO	Emit- 122	12/11/15	27,77 €	3321	22003
F/2015/2032	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L. - EL IDEAL GALLEGO	Emit- 123	07/12/15	25,77 €	3321	22003
F/2015/2033	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L. - EL IDEAL GALLEGO	Emit- 124	10/12/15	27,77 €	3321	22003
F/2015/2034	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU	60-K598-408803	28/11/15	2.233,64 €	920	22200
F/2015/2035	B82080177	RICOH ESPAÑA S.L.U.	840693870	23/12/15	1.138,59 €	231	22000
F/2015/2036	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU	60-L598-409132	28/12/15	2.217,68 €	920	22200
F/2015/2037	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA SAU	60-L598-409133	28/12/15	349,05 €	330	22200
F/2015/2040	B70064472	GRUPO EDITORIAL S.L.	198018	31/08/15	484,00 €	338	22627
F/2015/2041	B15932304	JIM SPORTS TECHNOLOGY, S.L.	A 000117944	13/07/15	92,58 €	340	22109
F/2015/2042	B70060025	SENDEIRO OCIO E DEPORTE S.L.	Emit- 28	28/12/15	2.088,26 €	342	22610
F/2015/2043	B70060025	SENDEIRO OCIO E DEPORTE S.L.	Emit- 29	28/12/15	2.929,39 €	342	22610
F/2015/2044	B70060025	SENDEIRO OCIO E DEPORTE S.L.	Emit- 30	28/12/15	605,00 €	231	22613
F/2015/2045	B70060025	SENDEIRO OCIO E DEPORTE S.L.	Emit- 32	28/12/15	1.000,92 €	342	22610
F/2015/2046	B46001897	THYSSENKRUPP ELEVADORES	2110010207	21/12/15	439,19 €	323	21300
F/2015/2047	B15651771	AUTOCARES REBORDO, S.L.	Emit- 18	28/12/15	880,00 €	334	22300
F/2015/2049	B70060025	SENDEIRO OCIO E DEPORTE S.L.	Emit- 27	28/12/15	1.160,15 €	341	22610







# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

F/2015/2050	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 154	30/12/15	800,80 €	231	22713
F/2015/2051	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 155	30/12/15	629,20 €	231	22713
F/2015/2052	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 156	30/12/15	400,40 €	231	22713
F/2015/2053	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 157	30/12/15	800,80 €	231	22713
F/2015/2054	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 158	30/12/15	343,20 €	231	22713
F/2015/2055	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 159	30/12/15	343,20 €	231	22713
F/2015/2056	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 160	30/12/15	800,80 €	231	22713
F/2015/2057	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 161	30/12/15	343,20 €	231	22713
F/2015/2058	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 162	30/12/15	228,80 €	231	22713
F/2015/2059	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 163	30/12/15	228,80 €	231	22713
F/2015/2060	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 164	30/12/15	228,80 €	231	22713
F/2015/2061	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 165	30/12/15	228,80 €	231	22713
F/2015/2062	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 166	30/12/15	228,80 €	231	22713
F/2015/2063	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 167	30/12/15	117,26 €	231	22713
F/2015/2064	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 168	30/12/15	457,60 €	231	22713
F/2015/2065	B70315577	ENDE BEN ORDES, S.L.	Emit- 169	30/12/15	10.097,45 €	231	22713
F/2015/2066	B15845860	PULULART S.L.	15 811	31/12/15	133,10 €	330	22799
F/2015/2067	35452090F	MARCELINO ABOY Y TORRES	31	18/06/15	665,50 €	338	22626
F/2016/154	32789152F	MARIA SOLEDAD SANCHEZ SUAREZ	107	04/01/16	419,10 €	334	22608
F/2015/2068	V15150550	SOCIEDAD CORAL POLIFONICA "EL ECO"	13/15	30/11/15	1.100,00 €	334	22608
F/2016/6	47359405J	ROBERTO ARES MOSQUERA	163 15	31/10/15	517,28 €	341	22610
F/2016/7	47359405J	ROBERTO ARES MOSQUERA	163 16	30/11/15	517,28 €	341	22610
F/2016/8	47359405J	ROBERTO ARES MOSQUERA	163 17	31/12/15	379,34 €	341	22610
					150.739,47 €		





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:*

Asemade, consta no expediente o informe da Intervención do Concellado do 20 de xaneiro de 2016 que se transcribe a continuación:

### "INFORME DE INTERVENCIÓN

**(ASUNTO: Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2016.)**

Vista a relación de créditos procedentes de exercicios pechados por importe total de 150.749,47 €, presentadas pola Alcaldía- Presidencia para que se asuman como propias desta Corporación por ter realizado a prestación a favor da mesma e que se presentan como proposta para o Pleno, esta Intervención Municipal, presenta o seguinte **INFORME**:

PRIMEIRO.- O artigo 176 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), establece o principio de temporalidade dos créditos nos seguintes termos:

"1. Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año antual del propio ejercicio presupuestario.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, se aplicarán a los créditos del presupuesto vigente, en el momento de su reconocimiento, las obligaciones siguientes:

a) Las que resulten de la liquidación de atrasos a favor del personal que reciba sus retribuciones con cargo a los presupuestos generales de la entidad local.

b) Las derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en ejercicios anteriores, previa incorporación de los créditos en el supuesto establecido en el artículo 182.3"


Esto quere dicir que a imputación ao orzamento corrente de gastos realizados no exercicio anterior, por non ser recoñecidas as obrigas no mesmo, require, a modificación dos créditos orzamentarios, mediante a incorporación dos remanentes de crédito do exercicio anterior ao cal deberon imputarse tais gastos. A incorporación de créditos, pola súa parte, deberá contar cos recursos financeiros suficientes, polo que, si o orzamento actual non conta con eles, haberá que dispoñer do remanente líquido de tesoureríaxercicio que se pecha.


En caso de que non existan posibilidades de incorporar os remanentes de crédito, ben por non ter financiamento, ben porque fóra sobrepasado a consignación orzamentaria e os remanentes resulten insuficiente, a imputación ao orzamento corrente de gastos realizados no exercicio anterior, requerirá do recoñecemento extraxudicial de créditos ao que fai referencia o artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Porén, con este procedemento se está a indispoñibilizar crédito para atender gastos do exercicio corrente, ocasionando que no exercicio seguinte poidan quedar de novo créditos pendentes de aprobar por falla de existencia de crédito no exercicio correspondente.

Este procedemento especial ten a súa base, na aplicación do **principio de enriquecemento inxusto**, en tanto que segundo o Tribunal Supremo "no se pode alegar como impedimento no cumprimento da obriga de pago a ausencia de certas formalidades" ( SSTS 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986, entre outras); para a aplicación do principio requírese que se produza un enriquecemento pola Administración, co correspondente empobrecemento por parte do contratista, representado nestes casos como lucro cesante; que exista unha falla de xustificación do enriquecemento; e finalmente, que non exista un precepto legal que exclúa a aplicación do principio. Neste senso se pronuncian as sentencias do Tribunal Supremo de datas 16 de abril e 1 de xullo de 2002 e 15 de outubro de 1999.

SEGUNDO.- Outra cuestión moi diferente se produce cando as facturas correspondintes a gastos realizados no exercicio que se pecha teñen a súa entrada no rexistro no novo ano. Non pode ser aprobado ou recoñecida unha obriga coio importe aínda non consta no Concello. Polo tanto, as facturas que se presentan no mes de xaneiro deben ser rexistradas na data de presentación e tramitadas para a súa imputación ao orzamento corrente, mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos. Nesta situación atópanse algunha das facturas incluídas neste recoñecemento extraxudicial.

TERCEIRO.- Á figura do recoñecemento extraxudicial de créditos refírese o artigo 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, no que se di que a súa aprobación corresponderalle ó Pleno da Corporación, sempre que non exista dotación orzamentaria. Interpretado este precepto en senso contrario, resulta que será o





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

Presidente da corporación o Órgano competente para a súa aprobación sempre que exista dotación orzamentaria aplicable. Por tanto, ben sexa para a aplicación inmediata da lexislación xeral, ben para a aplicación do acordo corporativo, a cuestión fundamental está en determinar cando existe dotación orzamentaria aplicable. Non incluíndose no orzamento do 2015, actualmente prorrogado, expresamente crédito específico para esta aprobación, correspondendo polo tanto a devandita aprobación ó Pleno.

CUARTO.- O procedemento que se haberá de seguir consta dos seguintes trámites:

- Proposta de alcaldía incoando o procedemento: deberá ir acompañada dos documentos acreditativos debidamente conformados
- Fiscalización pola Intervención.
- Dictame da Comisión Informativa de Facenda.
- Aprobación polo Pleno do expediente: tal aprobación comportará a emisión do documento contable "ADO".

QUINTO.- Ademais de que tódolos gastos se realizaron, incumprindo o principio de consignación orzamentaria, en tanto que se realizaron sen crédito, existen irregularidades manifestas que haberán de ser salvadas polo órgano competente. Entre tales irregularidades atopamos as seguintes:

1) A factura nº 290 , de 20 de xuño de 2015, presentada por CANARGA, S.L., por importe de 9.994,15 € (IVE engadido), trátase da liquidación final da obra "Acondicionamento e mellora de vias na parroquia de San Vicente" (DTC 93) e a actura nº 2015062 , de 25 de novembro de 2015, presentada por GR CONSTRUCCIONES, OBRAS E SERVIZOS, S.L.U, por importe de 12.412,01 € (IVE engadido), trátase da liquidación final da obra "INTERSECCIÓN CON CARRIL CENTRAL PARA ACCESO IES" en aplicación do artigo 234.3 do TRLCAP que considera que non se considera modificación do contrato, e poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración do número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10% do prezo primitivo do contrato. Se ben, hai que ter en conta que es preceptivo que se certifique a existencia de crédito adecuado e suficiente, si do contrato van a derivar obrigas de carácter económico para a Administración, considerando ademais que o artigo 32.c9 do TRLCSP sinala como **causa de nulidade** dos contratos "la carencia o insuficiencia de crédito, de conformidad con lo establecido en la Ley 47/2003 General Presupuestaria, o en las normas presupuestarias de las restantes administraciones públicas sujetas a esta ley, salvo en los supuestos de emergencia".

2) As facturas que presenta ENDE BEN ORDES, S.L. polos servizos prestados do Servizo de Axuda a Domicilio que leva prestándose de forma continuada dende o 2008, foi encargado sen procedemento administrativo de contratación correspondente e polo tanto sería necesario proceder á contratación necesaria do servizo.


3) A factura de Limpiezas La Mariposa, S.L. Con nº 7 de 24/09/2015, por importe de 550,55 €, ten por obxecto o "servizo de limpeza realizado en Casa Rial". Trátase da limpeza dun domicilio particular, que si ben, dende os Servizos Sociais deste Concello comunican que se trata dun gasto de "emergencia social", non ben avalado polo expediente correspondente, tal e como sinalan as Bases de Execución do Orzamento para 2015.


4) A s facturas prestadas por ESPROADE S.L. Pola xestión do centro deportivo de Carral, que foi encargado, primitivamente por contratación menor por un período determinado, foi extendéndose do tempo e, polo tanto, sería necesaria a contratación administrativa deste servizo..

5) As facturas presentadas pola empresa EMPREGO SOCIAL que ven prestando os servizos de limpeza viaria e xardinería por contrato administrativo que finalizou en abril de 2009, sen que se volvera a contratar o servizo conforme á lei de contratos do sector público. Hai que ter en conta, ademais , que no Plan de Axuste aprobado polo Pleno do Concello de Carral en sesión de 29 de marzo de 2012, acordouse dar de baixa a prestación deste servizo externamente e pasar a prestalo por persoal propio do Concello, sen que se fixera ningunha actuación neste senso ata o momento.

Á Vista do exposto, esta Intervención Municipal INFORMA que existe crédito orzamentario no exercicio 2016 para facer fronte os gastos propostos e nas partidas propostas pola Alcaldía ó Pleno. Porén, esta aprobación está a hipotecar o Orzamento do exercicio 2016, sendo necesario adoptar unha política seria de contención do gasto público para evitar que esta situación sigase a contemplar exercicio tras exercicio.

En virtude do exposto, o Pleno, co seu superior criterio, acordará o que estime oportuno."





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2016 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a tres votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e cunha abstención do señor concelleiro do grupo mixto (ACC/SON), presentes na sesión.


### DEBATE


O señor Alcalde explica que se trata fundamentalmente de facturas que, ao non entraren no orzamento de 2015, se inclúen agora no de 2016, e que a maioría delas son por gastos correntes coma por exemplo en limpeza viaria e de xardíns, servizo de axuda no fogar, teléfonos ou actividades culturais e deportivas. Son 150.000 € que se restan deste ano para poder pagar canto antes aos provedores.

O señor Bergondo Taboada (grupo mixto-ACC/SON) explica que por este punto votou en contra dos orzamentos. Opina que se deberían ter presupostado estas facturas coma gasto corrente en 2015, mentres estes cartos foron a outro lado. Lembra que, en moitos dos casos, son facturas de empresas coma Esproade, Emprego Social, ou Endebén Ordes, en relación ás cales a Interventora indica no seu informe que cómpre proceder á contratación. Indica que Endeben Ordes leva dende 2008 realizando servizos de axuda no fogar sen procedemento administrativo, e que en sete anos non se fixo nada ao respecto, igual que con Esproade para o centro deportivo ou Emprego Social. Reitera que se fala de 2008 ou 2009 sen saír a concurso. Adianta o seu voto negativo por considerar que non é normal pagar así facturas que deberían estar orzamentadas en 2015.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) manifesta que o recoñecemento extraxudicial é un procedemento extraordinario, mais que neste caso chega a un 3,44% do orzamento, que se incrementa con facturas que chegan, en relación ás cales non se seguiu o procedemento legal, e despois hai que recoñecelas. Opina que hai varios servizos "*que son de libro que vaian a contratación pública*", coma o coidado dos maiores, limpeza ou xardinaría, e coida que é inconcebible que, despois de sete anos, en vez de facer os pregos e os contratos con concorrencia para abaratar os custes, se siga traballando de xeito alegal. Indica que a Intervención realiza reparos ao respecto continuamente, e opina que este sistema debe rematar xa. Coida que a cantidade da proposta é excesiva para un sistema extraordinario de proceder, e anuncia que votarán en contra, epiden que se fagan xa os correspondentes contratos por procedemento aberto e non se espere máis.

O señor Alcalde indícalle ao señor Bergondo que é difícil presupostar o servizo de axuda no fogar dun ano para outro, porque se aumenta pola necesidade das persoas, especialmente mentres non veñan os cartos da Lei da Dependencia. Recoñece que é certo que están pendentes de elaborar os pregos técnicos do centro deportivo, aínda que xa saíu a concorrencia e fíxose unha prórroga, ero haberá que voltar sacalo do verán en adiante. En relación ao servizo de axuda no fogar coida que pouco máis se pode aforrar, porque se piden tres facturas con custes por hora de servizo a empresas coma Endeben ou Eulen, e sempre se colle a máis barata. No tocante á xardinaría, explica que hai un convenio con Emprego Social, que acolle a persoas con limitacións, e que, se é certo que habería que contratar o servizo, coida que non se vai aforrar nada e se deixaría o labor social. Engade que houbo un incremento de zonas de xardín e recreo, e que o orzamento inicial non chega. Asemade, indica que o devandito convenio é de antes de ser el Alcalde, e que en ningunha parte se renunciou. Recoñece que teñen razón na necesidade de regularizar tales contratos para evitar que o Alcalde teña que estar levantando reparos, mais reitera que, no caso indicado, existe un convenio, o centro deportivo conta cun contrato prorrogado, e no servizo de axuda no fogar acoden á oferta máis barata cando hai unha alta no





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

servizo. Manifesta que oxalá non houbera que gastar, mais que o seu equipo de goberno non escatima en atender as necesidades da veciñanza.

O señor Bergondo indica que a idade da poboación de Carral é alta e recoñece que, por tanto, é normal que exista a axuda no fogar e que se incrementa, mais opina que habería que fomentar o medre da poboación xuvenil. Opina que, se o Alcalde sabe que os contratos están mal feitos, debe arranxalos xa. Indica que xa viu varios reparos en seis meses, e que lle parece como se se estivese pospoñendo a solución á mantenta, e coida que non pode ser difícil facer os pregos en sete anos.

O señor Couto considera obvio que hai cousas que habería que facer ben e non se fan, e opina que se está a "poñer parches", cando en sete anos hai tempo máis que sobrado. Opina que o feito de que aparezan liquidacións nas obras non é propio de concellos onde se levan ben as contas. Reitera que non esperen máis para realizar as correspondentes contratacións, e indica que nos pregos se poden ter en conta as minusvías, mais hai que saber os dereitos e obrigas das empresas, do Concello, e dos usuarios.

O señor Alcalde replica que están de acordo, salvo no feito de que el votará a favor, e os demais en contra, ao que o señor Couto resposta que cando traia os pregos votarán a favor. O señor Alcalde indica que levan así dende que se implantaron os servizo sociais

### **VOTACIÓN E ACORDOS**

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto presentes na sesión neste intre, adoptando o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 1/2016 dos créditos que se presentan como Anexo I a este expediente por importe total de 150.739,47 €.

### **4.-PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO "PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

#### **EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 20 de xaneiro de 2016, como segue:


#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**


**Asunto: Participación do Concello de Carral no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2016" da Deputación Provincial da Coruña.**

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria do 30 de decembro de 2015 aprobou as bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, que foron publicadas no BOP nº 2, do 5 de xaneiro de 2016.

Logo de ver que, mediante unha circular do 30 de decembro de 2015 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 4 de xaneiro de 2016, nº 8), se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade do préstamo que lle foi asignado, logo da aplicación dos criterios sinalados nas devanditas bases é a de 167.120,70 euros.

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do PAI 2016, na que se indica a documentación que se ha de remitir.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

Logo de ver os seguintes informes emitidos con data do 5 de xaneiro de 2015 (sic.) pola señora Interventora do Concello:

-Informe sobre o nivel de endebedamento do Concello (anexo II), no que se indica o volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo do Concello a 1 de xaneiro de 2016 (3.046.680,69 €), respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior (3.475.208,76 €), o que suporía un nivel de endebedamento a longo prazo do Concello do 87,66%, nos termos establecidos no artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

-Informe cos datos da débeda que se ha reducir (anexo III) (Entidade financeira: BBVA; Data do préstamo: 21/05/12; Número ou código do préstamo: 46838541; Código da conta bancaria asociada: ES2101825947160201503187; Importe inicial do préstamo: 3.046.680,69 €; Importe pendente: 2.866.004,33 €; Importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración: 167.120,70 €)

Logo de considerar o interese municipal de adicar á redución do endebedamento do Concello de Carral o préstamo proposto pola Deputación Provincial da Coruña, coas condicións indicadas nas mencionadas bases (en especial, a 2, 9 e 10).

Á vista da devandita documentación e segundo a base 5ª das que regulan o PAI 2016, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

### ACORDOS

1.-Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:


#### A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
BBVA	46838541	167.120,70 €
<b>TOTAL</b>		167.120,70 €


#### B) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	167.120,70 €
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	0 €
<b>TOTAL</b>	167.120,70 €

2.-Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para a minoración da débeda para a que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

3.-Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2016 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con catro abstencións dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do grupo mixto (ACC/SON) presentes na sesión.

### DEBATE

O señor Alcalde explica que o PAI é un plan no que a Deputación fai un reparto de diñeiro de xeito similar a outros dos seus plans, e neste caso, para amortización de débeda.

O señor Bergondo Taboada (grupo mixto-ACC/SON) explica que é un préstamo sen xuros e pregunta se hai que devolvelo. Indica "a ver se damos devolvido algunha vez". Opina que os cartos sempre son benvidos, mais que, aínda que o plan permitiría usalos para débeda ou obras, Carral está obrigado a usalos para pagar débeda. Anuncia a súa abstención, xa que di estar de acordo co feito de que necesitan os cartos, mais non con que non se usen para obras.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) tamén indica que se trata dun plan similar ao PAS ou POS no que, tras un reparto por criterios obxectivos, a Carral lle corresponden uns 167.000 €, que coida que hai que devolver sen xuros. Se o concello tivese unha débeda do 50% podería adicar a metade a investimentos mais, como a débeda é do 87%, haberá que destinar todo a débeda. Anuncia a abstención do seu grupo xa que, na súa opinión, Carral necesita investimentos, mais non pode obtelos pola súa débeda.


O señor Alcalde replica ao señor Couto que el é deputado provincial, e explica que existe un enfado grande entre algúns concellos da provincia, pois " non se sabe se o bo e bo ou o malo é malo", xa que hai dezasete concellos da provincia que, por non teren débeda, non poden acudir a esta axuda. Coida que tiveron ansia por non excederse nas contas, mais terán obras sen facer e, ao mesmo tempo, non reciben esta axuda porque non deben diñeiro, mentres o Concello de Carral ten cousas xa feitas que les axudan a pagar.


O señor Couto contesta que o señor Alcalde seguramente terá a oprotunidade de expresalo no pleno da Deputación de mañá.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e coa abstención dos/as cinco señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto presentes na sesión neste intre, adoptando os seguintes acordos:

1.-Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

### A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
BBVA	46838541	167.120,70 €
<b>TOTAL</b>		167.120,70 €

### B) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	167.120,70 €
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	0 €
<b>TOTAL</b>	167.120,70 €

2.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para a minoración da débeda para a que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

3.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### 4.BIS.- (FÓRA DA ORDE DO DÍA, POR URXENCIA) EMENDA DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

#### EXPOSICIÓN

Consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 28 de xaneiro de 2016, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO (Por urxencia)

**Asunto:** Emendas á solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.


Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria do 8 de outubro de 2015 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, que foron publicadas no BOP nº 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver que, mediante unha circular do 8 de outubro de 2015 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 9 de outubro de 2015, nº 2.500), se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 188.239,28 euros.

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do POS 2016, na que se indica a documentación que se ha de remitir coa solicitude.

Logo de ver que o Pleno do Concello de Carral, na súa sesión realizada o 15 de decembro de 2016,





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

acordou, entre outras cuestións "(...)1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

### A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de viais e da seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos	77.258,77 €	0,00 €	77.258,77 €
Mellora da estrada municipal Abrigosa-Fonte Moura	32.633,93 €	0,00 €	32.633,93 €
Mellora de estrada municipal en Bulleiros	32.899,44 €	0,00 €	32.899,44 €
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>142.792,14 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>142.792,14 €</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2016 e que se relaciona nesta táboa.

### B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	45.447,14 €
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	<b>45.447,14 €</b>

### C) Resumo:


SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS	142.792,14 €	0,00 €	142.792,14 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	45.447,14 €	0,00 €	45.447,14 €
<b>TOTAL</b>	<b>188.239,28 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>188.239,28 €</b>


Logo de remitir as correspondentes solicitudes á Deputación, xunto coa documentación requirida ao efecto, o 22 de xaneiro de 2016, o Concello recibiu senllos requirimentos de emenda de tales solicitudes no seguinte sentido:

A).-En relación á obra "Mellora de viais e da seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos" indícase (entrada 135, do 22 de xaneiro de 2015) o seguinte, requirindo a súa emenda no prazo de 10 días hábiles: "(...) No proxecto non coincide o importe que figura no apartado 4.VII da Memoria relativa á xestión de residuos (1.192,55 euros) co importe que consta no resumo do presuposto no capítulo 07 Xestión de residuos (809,41 euros). O Concello deberá aprobar o proxecto corrixido polo órgano competente. No caso de que a aprobación sexa por Decreto da Alcaldía, este Decreto deberá ser ratificado no pleno correspondente".

B).-En relación á obra "Mellora de estrada municipal en Bulleiros" indícase (entrada 136, do 22 de xaneiro de 2015) o seguinte, requirindo a súa emenda no prazo de 10 días hábiles: "(...) Non coincidea denominación da obra que consta no acordo plenario "Mellora de estrada municipal en Bulleiros" co proxecto que indica "Mellora da estrada municipal en Bulleira". Igualmente, no informe técnico indican que achegan unha copia da solicitude de autorización da Deputación da Coruña, e o que xuntan é unha autoliquidación. O Concello deberá aprobar o proxecto corrixido polo órgano competente. No caso de que a aprobación sexa por Decreto da Alcaldía, este Decreto deberá ser ratificado no pleno correspondente".

Logo de ver (e ratificar telefonicamente co servizo competente da Deputación) que este último requirimento





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

é incorrecto no que se refire á remisión da copia de autorización de tal Deputación, pois esta foi correctamente remitida.

Logo de ver que, con posterioridade á convocatoria da sesión plenaria prevista para o 28 de xaneiro de 2016 e á realización da preceptiva sesión previa da comisión informativa de asuntos xerais do Pleno do 25 de xaneiro de 2016 (polo que tales asuntos non se puideron incluír nas respectivas ordes do día das referidas sesións), se realizaron as seguintes actuacións para poder efectuar as emendas requiridas:

A).-O redactor do "Proxecto de mellora de vias e da seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos", o arquitecto técnico D. Miguel Ángel Pérez Marquina (colexiado VR1079 do COATIE de Pontevedra), entrega o proxecto coa corrección requirida ( co importe que figura no apartado 4.VII da Memoria relativa á xestión de residuos igual ao que consta no resumo do presuposto no capítulo 07 Xestión de residuos (809,41 euros)).

Logo de ver o informe técnico emitido ao respecto para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2016 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) **INFÓRMASE:**

### I. Antecedentes.

Corrixíuse o importe da memoria da xestión de residuos para que este fora de 809,41 euros xa que existía unha discrepancia entre o importe da xestión de residuos que figuraba na memoria e a que figuraba no orzamento. Non se variou nada mais do proxecto. (...)"

B).-O redactor do proxecto "Mejora de carretera municipal en Bulleiros. Ayuntamiento de Carral", o enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Jorge Lapido Rodríguez (colexiado nº 19.697), entrega unha copia en formato pdf do proxecto coa corrección requirida (onde figura "Bulleira", substitúese por "Bulleiros").

Logo de ver que os defectos indicados nos proxectos referidos son erros de carácter material, e en aplicación do establecido no art. 105.2 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, segundo o cal "Las Administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos."


Á vista da devandita documentación e tendo en conta a urxencia do asunto, polo prazo de 10 días hábiles outorgado para o cumprimento do requirimento para a emenda dos erros materiais indicados, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previa a necesari declaración de urxencia do asunto, aos efectos do establecido nos artigos 51 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 82.3 e 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, adopte os seguintes


### ACORDOS

1.- Aprobar os proxectos das obras incluídas na solicitude do Concello de Carral para o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 coas correccións de erros materiais que se indican:

A).-"Proxecto de mellora de vias e da seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos", redactado polo arquitecto técnico D. Miguel Ángel Pérez Marquina (colexiado VR1079 do COATIE de Pontevedra), coa corrección requirida ( co importe que figura no apartado 4.VII da Memoria relativa á xestión de residuos igual ao que consta no resumo do presuposto no capítulo 07 Xestión de residuos (809,41 euros)).

B).-Proxecto de "Mellora de estrada municipal en Bulleiros (Mejora de carretera municipal en Bulleiros. Ayuntamiento de Carral)", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Jorge Lapido Rodríguez (colexiado nº 19.697), coa corrección requirida (onde figura "Bulleira", substitúese por "Bulleiros").





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:*

2.- Ratificar o resto dos acordos adoptados polo Pleno do Concello de Carral na súa sesión do 15 de decembro de 2015 en canto á participación deste Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, xa que non sofren ningunha modificación.

3.- Remitir estes acordos e copias dos proxectos corrixidos á Deputación Provincial da Coruña polo conduto establecido nas bases reguladoras do POS 2016."

Como se indica na propia proposta, esta non puido ser incluída na convocatoria na que se fixou a orde do día desta sesión (decreto 19/2016, do 25 de xaneiro de 2015), nin ser sometida á preceptiva sesión previa da comisión informativa de asuntos xerais do Pleno do 25 de xaneiro de 2016, xa que as actuacións necesarias para poder efectuar as emendas requiridas se realizaron con posterioridade a tales datas, mais tendo en conta a urxencia derivada do prazo de dez días outorgado para realizar as referidas emendas, o señor Alcalde explica que se podería realizar por decreto, mais que despois debería ser ratificado polo Pleno, polo que, para non demorar a tramitación do expediente, propón a introdución por urxencia deste punto na orde do día da sesión, de acordo co establecido no artigo 51 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da proposta, esta é aceptada con oito votos a favor (dos/as sete señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do señor concelleiro do grupo mixto -ACC/SON), e coa abstención dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presente na sesión neste intre dela, polo que se pasa a tratar o asunto de seguido.

### DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON) lembra que xa comentaran na correspondente comisión informativa o erro existente na denominación do proxecto que afecta a Bulleiros (e non Bulleira) e manifesta que, como non se fixo caso ao que dixeron, agora hai que rectificalo.

O señor Alcalde resposta que xa está feito o caso, e que xa está rectificado o proxecto.

### VOTACIÓN E ACORDOS


Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con cinco abstencións dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto presentes na sesión neste intre, adoptando os seguintes acordos:

1.- Aprobar os proxectos das obras incluídas na solicitude do Concello de Carral para o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 coas correccións de erros materiais que se indican:

A).- "Proxecto de mellora de viais e da seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos", redactado polo arquitecto técnico D. Miguel Ángel Pérez Marquina (colexiado VR1079 do COAATIE de Pontevedra), coa corrección requirida ( co importe que figura no apartado 4.VII da Memoria relativa á xestión de residuos igual ao que consta no resumo do presuposto no capítulo 07 Xestión de residuos (809,41 euros)).

B).- Proxecto de "Mellora de estrada municipal en Bulleiros (Mejora de carretera municipal en Bulleiros. Ayuntamiento de Carral)", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Jorge Lapido Rodríguez (colexiado nº 19.697), coa corrección requirida (onde figura "Bulleira", substitúese por "Bulleiros").





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

2.- Ratificar o resto dos acordos adoptados polo Pleno do Concello de Carral na súa sesión do 15 de decembro de 2015 en canto á participación deste Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, xa que non sofren ningunha modificación.


3.- Remitir estes acordos e copias dos proxectos corrixidos á Deputación Provincial da Coruña polo conduto establecido nas bases reguladoras do POS 2016.


### PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

#### **5.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.**

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados polo señor Alcalde entre o 14 de decembro de 2015 e o 25 de xaneiro de 2016 (dende a anterior sesión con contido de ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta de dous reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das dúas resolucións (nº 541 e 559/2015 ) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
535	14/12/2015	Asunto: Delegación da Presidencia efectiva da Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno.
536	14/12/2015	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións básicas - (maio e novembro de 2015)
537	14/12/2015	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións dependencia - (maio e novembro de 2015)
538	15/12/2015	Convocatoria X.G.L. 10/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (16/12/2015).
539	15/12/2015	Asunto: Substitución do Señor Alcalde pola Señora 1ª Tenente de Alcalde por ausencia (15 de decembro de 2015)
540	15/12/2015	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrência) a Dª. María Dolores Suárez Domínguez.
541	16/12/2015	Asunto: Levantamento de reparo suspensivo 18/2015, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas proposta pola Alcaldía o 16 de decembro de 2015, por importe de 33.062,81€.
542	16/12/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 21/2015
543	16/12/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 25/2015
544	16/12/2015	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 27/2015
545	16/12/2015	Asunto: Aprobación e pagamento á Xunta de Galicia (Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) de taxa de "autorización para ampliación de horarios" para os locais de ocio durante as festas de Nadal.
546	17/12/2015	Asunto: Aprobación da conta xustificativa do anticipo de caixa fixa 3/2015 (Habilitada: Florinda Duarte Gerpe)
547	17/12/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 26/2015







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

548	17/12/2015	Asunto: Concesión de tarxeta de estacionamento para persoa con minusvalidez D. José Quiroga Veiga.
549	17/12/2015	Asunto: Renovación tarxeta de estacionamento para persoa con minusvalidez D. José Luis Bermúdez Lousa.
550	17/12/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 26/2015)
551	18/12/2015	Asunto: Aprobación da conta xustificativa da subvención outorgada ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 16 de decembro de 2015 entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en relación cos gastos de limpeza dos Centros Públicos Integrados (CPI) (no tocante ao CPI Vicente Otero Valcárcel de Carral).
552	18/12/2015	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.
553	18/12/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 27/2015
554	18/12/2015	Asunto: Concesión de axudas ao estudo para estudantes para o curso 2015/2016.
555	18/12/2015	Asunto: Axudas odontolóxicas, oftalmolóxicas e de estudos persoal do Concello (xullo a decembro de 2015)
556	18/12/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 27/2015)
557	21/12/2015	Asunto: Aprobación certificación nº 1 da obra "Acondicionamento de estradas locais en Quembre, Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.
558	28/12/2015	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 28/2015
559	28/12/2015	Asunto: Aprobación nóminas de decembro de 2015, previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 20/2015
560	29/12/2015	Convocatoria X.G.L. 11/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (30/12/2015).
561	29/12/2015	Asunto: Aprobación certificación nº 2 da obra "Acondicionamento de estradas locais en Quembre, Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.
562	30/12/2015	Asunto: Aprobación da conta xustificativa do anticipo de caixa fixa 2/2015 (Habilitada: Ana Isabel Forján Villar)
563	30/12/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 20/2015
564	30/12/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 28/2015
565	30/12/2015	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C. 10/2015, Transferencia de crédito mesmo grupo de función ou persoal 4/2015.
1	04/01/2016	Asunto: Prórroga do orzamento xeral do Concello de 2015 para 2016 (e incorporación de remanentes de crédito).
2	04/01/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 1/2016
3	07/01/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 2/2016
4	07/01/2016	Asunto: Resolución expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 8/2015)
5	07/01/2016	Asunto: Manifestación de apoio á candidatura do Concello da Coruña, en relación á Estratexia Integrada EIDUS-Coruña, ao abeiro da convocatoria "Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado no período 2014-2020"
6	07/01/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 1/2016)
7	08/01/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 3/2016
8	11/01/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 2/2016)
9	12/01/2016	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso por asuntos persoais (arts. 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 48.k) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) os días 13 e 26 de xaneiro de 2016.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

10	13/01/2016	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.
11	14/01/2016	Convocatoria X.G.L. 1/2016 (Mandato 2015-2019), ordinaria (15/01/2016)
12	15/01/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Manuel Rey Ruanova (EXP. LP 1/2016)
13	18/01/2016	Asunto: Convocatoria mesa xeral de negociación-persoal funcionario e laboral do Concello de Carral- (constitución da mesa e proxecto de orzamento xeral do Concello para 2016).
14	18/01/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> . Ana Belén Fernández Rodríguez (EXP. LP 2/2016)
15	18/01/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> . Amelia Pose Caamaño (EXP. LP 3/2016)
16	21/01/2016	Convocatoria Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 1/2016 (Mandato 2015-2019), Ordinaria (25/01/2016).
17	21/01/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 4/2016
18	21/01/2016	Asunto: Resolución expediente orde execución limpeza finca Gestiones Inmobiliarias Esnero, S.L. (EXP. LP 50/15)
19	25/01/2016	Convocatoria Pleno 1/2016 (Mandato 2015-2019), Ordinaria (28/01/2016).

### 6.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señor voceiro dos grupo municipal do PSdeG-PSOE indica que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presenta tal grupos municipal.

#### 6.1.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para dotar de iluminación, rematar as beirarrúas e limpeza da maleza na vía que une a rúa Francisco Javier Alvajar, onde se sitúa o colexio Víctor Velasco coa rúa do Pan e rúa Reboredo.

#### EXPOSICIÓN


O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

“O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN: Dotar de iluminación, rematar as beirarrúas e limpeza da maleza na vía que une a rúa Francisco Javier Alvajar, onde se situa o colexio Víctor Velasco coa rúa do Pan e a rúa Reboredo.**


#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha das moitas zonas que quedaron afectadas polo estalido da burbulla inmobiliaria e a pésima planificación urbanística do Concello foi a vía que une a rúa Francisco Javier Alvajar, onde se sitúa o colexio de infantil Víctor Velasco coa rúa do Pan e a rúa Reboredo. Neste caso, a promotora que executou este vial deixouno a medias, sin iluminación e coas beirarrúas se rematar, xa que toda a operación inmobiliaria que pretendían desenrolar na zona foise ó pique coa chegada da crise. A falta de iluminación e o acabado desta rúa, que se encontra no centro da vila carralesa leva así anos, sin que de3nde o concello se tomase medida algunha para o remate da mesma, non se executaron os avales (que en teoría tería que ter depositado o promotor), nin se realizou subsidiariamente coa súa correspondente reclamación posterior.

Esta vía e moi usada polos veciños do pobo, sobre todo polos nenos e nenas que van camiño da escola, a carencia de iluminación fai que sexa perigoso camiñar por ella nas horas sin luz natural, xa que, ademáis, o peón vese obrigado a camiñar pola calzada xa que as aceras non están rematadas e fanse incoomodas e







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:*

perigosas e o risco de tropezar e caer e moi alto, circular por esas "aceras" cunha silla de nenos é misión imposible.

Nas imaxes seguintes observase o estado actual das aceras e a falta de calquera tipo de iluminación pública, adxúntase tamén imaxe áera da vía.

– sigue fotografía–

Por todo o anterior, e para garantir unhas condicións de seguridade dos peóns o camiñar por esta vía, e polo que propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes

### ACORDOS

**Primeiro,** O Concello de Carral comprométese a realizar pola vía de urxencia as obras e instalacións necesarias para dotar de iluminación esa vía e rematar as aceras para que poida ser factible o seu uso por parte dos veciños de Carral.

**Segundo,** reclamar, pola vía que corresponda, os promotores ou titulares actuais o coste de rematar esta urbanización como así lles correspondía.

En Carral, a 22 de xaneiro de 20165

(sinatura ilexible)

Asdo.: Pablo Couto Lopez

Voceiro Grupo Municipal Socialista".

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que a moción se refire ao vial que vai dende Javier Alvajar até as Rúas do Pan e Reboredo, no que as beirarrúas están sen rematar e máis baixas có bordiño e sen iluminación. Tendo en conta que é unha rúa interna que se usa para ir ao colexio, coida que habería que iluminala e rematar as beirarrúas, aínda que fose con formigón pulido, o que custaría pouco diñeiro. Engade que descoñece se é unha obriga do promotor da que se poida facer cargo o correspondente aval.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes neste intre na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.


### DEBATE


O señor Alcalde recoñece que ten razón en que hai que rematala, e explica que o teñen en mente, pois se trata dun paso importante, aínda que non haxa vivendas, mais que non é sólo non consolidado ou unha UA, senón solo consolidado, polo que a obra lle compete ao Concello, que esperaba que constrúisen alí.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida polo señor Alcalde a votación a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

**Primeiro,** O Concello de Carral comprométese a realizar pola vía de urxencia as obras e instalacións necesarias para dotar de iluminación esa vía e rematar as aceras para que poida ser factible o seu uso por parte dos veciños de Carral.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:*

**Segundo**, reclamar, pola vía que corresponda, os promotores ou titulares actuais o coste de rematar esta urbanización como así lles correspondía.

### **6.2.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a mellora dos accesos, iluminación e conexión coa trama urbana ó parque recreativo do río Brexa.**

#### **EXPOSICIÓN**

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

“O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN: mellora dos accesos, iluminación e conexión coa trama urbana ó parque recreativo do río Brexa.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Alá polo ano 2008 acometese a obra para a creación do parque recreativo do río Brexa, nesta obra na que se inverteron máis de 120.000€, incrementándose posteriormente coa construción da pista de skate, está sendo totalmente infrautilizada ante a falta de accesos adecuados. Os accesos actuais correspóndense cun camiño en terra e zorra segundo o treito, con grandes cárcavas e moi deteriorado e con falta total de iluminación, o que se xunta a inexistencia de conexión coas berarrúas do núcleo urbano. Todo isto fai que non se poda acceder con sillas de nenos ou persoas con minusvalía..

- sigue fotografía-

Por todo o anterior, e para permitir o acceso dos veciños en boas condicións e así darlle uso a esta área e amortizar a súa inversión, e polo que propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes

#### **ACORDOS**

**Primeiro**, O Concello de Carral comprométese a realizar pola vía de urxencia as obras necesarias para dotar os accesos o parque recreativo da Brexa dunha pavimentación axeitada e acorde co medio, dunha iluminación suficiente e a garantir a continuidade do itinerario peonil coa trama urbana.

**Segundo**, solucionar a concesión do aparcadoiro da área coa propia zona recreativa.


En Carral, a 22 de xaneiro de 2016


(sinatura ilexible)

Asdo.: Pablo Couto Lopez

Voceiro Grupo Municipal Socialista

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que os accesos á Área Recreativa da Brexa, na que se investiron máis de 120.000 € e a pista de "skate", están moi mal na súa opinión. Inica que o aparcadoiro de coches non está conectado coa área, e que tampouco ten iluminación, de xeito que, hai meses se organizaron uns concertos por "Mil e pico" e sen linterna o público podía "matarse". Engade que é imposible transitar por alí con cadeira de rodas ou coche de bebé, e que iso supón que o investimento está sen usar por falla de accesos. Opina que se podería facer un arranxo sinxelo da pavimentación, e instalar puntos de iluminación, ademais de dar conexión entre o aparcadoiro e o fondo da Brexa.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes neste intre na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

### DEBATE

O señor Alcalde manifesta que está totalmente de acordo, aínda que non cre que o investimento chegase a 120.000 €. Explica que o proxecto inicial si se cifraba nuns 400.000 €, cunha praia fluvial, e a adquisición de terreos. En calquera caso, indica que consideraron que nunha área de espaxamento non deberían entrar coches. Engade que dende 2008 non foron os mellores momentos, e que se estimou que había outras prioridades para o benestar dos veciños. Opina que se poden mellorar os accesos sen asfalto ou formigón, respectando a natureza. Explica que en breve haxa un plan de medio ambiente da Deputación para poder mellorar os accesos e adquirir os terreos para poder obrar libremente, pois faltan algunhas parcelas para poder realizar o proxecto total. Coida que é unha paraxe impresionante, mais está de acordo en que hai certos problemas para chegar a ela. Por outra banda, lamenta que os paneis solares xa se repuxeron dúas veces, mais que os seguen a roubar.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida polo señor Alcalde a votación a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

**Primeiro,** O Concello de Carral comprométese a realizar pola vía de urxencia as obras necesarias para dotar os accesos o parque recreativo da Brexa dunha pavimentación axeitada e acorde co medio, dunha iluminación suficiente e a garantir a continuidade do itinerario peonil coa trama urbana.


**Segundo,** solucionar a concesión do aparcadoiro da área coa propia zona recreativa.


### 6.3.-Moción oral do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ao funcionamento da xornada continua no Colexio Vicente Otero Valcárcel.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que no consello escolar extraordinario de antonte se votou a xornada continua no colexio, que na súa opinión está "metida moi a calzador", porque o transporte a condiciona, e non pode supoñer un incremento de custe, tendo en conta que a Xunta de Galicia considera o IES e o CEIP coma unha soa unidade. Propón que o Pleno se poña ao lado da dirección e do consello escolar do Colexio Vicente Otero Valcárcel para que se poida acabar ás dúas da tarde, aínda que sexa o venres pois, se non, os nenos de oito ou nove anos deberán comer ás tres e cuarto da tarde. Asemade, propón que se solicite á Delegación da Xunta de Galicia que se conceda unha liña máis de autobús, polo menos o venres, para mellorar o funcionamento da xornada continua.

(Ás 13:03 horas incorpórase á sesión a señora Blanco Fidalgo).

A señora Duarte Gerpe explica que non puido asistir ao consello escolar, e indica que non lle parece mal apoiar a moción, mais que non é vinculante, e espera que se respecte a xornada plantexada, pois se supón un incremento de custe será denegada. Coida que é mellor rematar á unha e que haxa transporte, que aumentar o transporte. Opina tamén que o ideal sería que se concedese a xornada única, aínda que despois se mellorase, mais lembra que é a terceira vez que se solicita e, se é sen custe se poderá facer e, en caso contrario, se denegará.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF:*

O señor Couto coida que sería bo que todos os axentes do pobo "remen" no mesmo sentido perante o Xefe Territorial, para que os nenos teñan os mesmos servizos cós doutras vilas.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as presentes neste intre na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

### DEBATE

O señor Alcalde manifesta que contra o vicio de pedir está a virtude de non dar, e coida que hai que tentar cumprir as normas e ter man esquerda. Explica que o equipo de goberno sempre estivo ao que dixeron os directores, que son os máis coñecedores da situación, e qu sempre se tivo en conta o que di o Consello Escolar. Engade que non deben dudar que o Alcalde fará todas as reunións necesarias, mais tendo en conta que hai que cumprir as normas sen esixencias iniciais.

O señor Couto coida que, así "comprimidos", os nenos do IES e do colexio partillarían o autobús, o que supón un esforzo da comunidade educativa de Carral, que coida que é o mesmo esforzo que debería facer a Xunta de Galicia.

O señor Alcalde reitera a súa opinión de que termos coma "pelexar" ou "presión" non fan falla, e que habería que razoar para que aumenten unha hora o venres.

O señor Cetina Mochales (grupo municipal do PSdeG-PSOE) coida que unha solución fácil sería devolver o comedor o venres que, na súa opinión, se suprimiu sen estar aprobado.

A señora Duarte Gerpe resposta que iso foi hai anos para reducir o gasto, ao que o señor Cetina replica que hai moitos, mais sen ningunha lei, e que non foi unha redución do gasto.


O señor Alcalde lembra que isto é unha sesión plenaria, non un coloquio, e que hai que pedir a palabra.


A señora Duarte Gerpe manifesta a súa sorpresa por que o señor Cetina "siga co tema do comedor", despois de máis de nove anos que non o hai, e pídelle que "caia da burra" sobre que non se poden incrementar os custes. Ademais, explica que o decidiron no colexio, aínda que el non teña constancia.

O señor Cetina resposta que trala adaptación da EXB ao novo sistema educativo non hai nada aprobado, e que a dirección debería demostrar que foi aprobado no consello escolar. Opina que é unha irregularidade que os fillos non teñan comedor o venres. Explica que el quere ofrecerlles ese servizo, e coida que a señora Duarte Gerpe lle dá igual. Engade que el non está totalmente de acordo coa xornada única, pois implica recortes no comedor e falta de conciliación.

A señora Duarte Gerpe pídelle ao señor Cetina que se informe ben.

O señor Alcalde proponlles que busquen os papeis correspondentes e que o comenten fóra, e coida que a dirección e os pais estarán de acordo con que se saia ás dúas os venres, e expón que os termos nos que está de acordo coa moción é aumentar unha hora os venres, de xeito que se saia ás dúas.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:*

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida polo señor Alcalde a votación a moción presentada oralmente polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando o seguinte acordo:

Que o Pleno se poña ao lado da dirección e do consello escolar do Colexio Vicente Otero Valcárcel para que se poida acabar ás dúas da tarde os venres.

### 7.-ROGOS E PREGUNTAS.

#### 7.1-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo pregunta ao señor Concelleiro de Deportes, cando vai estar operativa a Casa da Xuventude, e opina que habería que dar un premio ao arquitecto desa obra que non se dá rematado.

O señor Regueira Moar resposta que fan falla mobles e que o próximo luns irá buscar a Brión os que vai ceder a Xunta, e engade que non sabe dicir que día se vai poder abrir o edificio, mais que conta con que moi pronto, ao que o señor Bergondo replica que esa é unha resposta similar á que lle deu hai dous plenos.

2.- O señor Bergondo Trillo manifesta que a área de esparcemento da Brexa está chea de herba alta, que medra porque o río xa estaba antes do parque, e opina que habería que cortala.

3.- O señor Bergondo Trillo lembra que no último pleno se aprobaron mocións sobre un novo regulamento orgánico municipal, sobre os roteirs, e sobre a vespa asiática, e pregunta se se van empezar a levar a cabo as medidas acordadas e cando, e se hai cartos orzamentados para iso.

4.- O señor Bergondo Trillo opina que as persoas que menos cobran no Concello son mulleres, e teñen salarios baixos, coma por exemplo as auxiliares do servizo de axuda no fogar, e coida que habería que tentar subirlles as retribucións.

#### 7.2-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

O señor Couto López indica que vai facer as mesmas preguntas que no pleno pasado.


1.- O señor Couto López lembra que en setembro se aprobou unha moción para pedir ao Sergas un médico, e pregunta ao respecto que xestións se fixeron e se houbo algunha contestación.

2.- O señor Couto López manifesta que tampouco sabe que se fixo con respecto á moción sobre as cidades refuxio.

3.- O señor Couto López pregunta se hai algunha novidade en relación á sentenza sobre VARINCA, e pregunta se se coñece xa a cantidade que toca pagar.

4.- O señor Couto López pregunta en que situación se atopa o expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) pois, na súa opinión, o informe da Xunta de Galicia "case non deixaba fítere con cabeza".





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

5.- Manifesta que a pista de pádel non se pode usar e que a pista polideportiva quedou inutilizada.

6.- En relación ao convenio da Reitoral de Tabeaio, indica que, segundo apareceu na prensa, xa pasaron doce anos dos trinta de duración de tal convenio, e pregunta cantos cartos van ir destinados á vivenda do cura.

7.- Lembra que en outubro pediu a documentación do plan decenal vencido de EMALCSA e o novo, e que aínda non se lle entregou, a pesares de que en EMALCSA lle dixeron que xa a enviaran ao Concello. Reitera que non sabe por que non lla teñen entregado.

8.- Lembra que o PP indicaba no seu programa electoral que apostan pola participación veciñal e, para iso, pide que as sesións plenarias se realicen ás oito da tarde, e que neles haxa un turno de palabra para os veciños pois, en caso contrario, o PP non está a cumprir o seu programa electoral.

### 7.3-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde explica que xa contestaron á pregunta relativa á Casa da Xuventude, mais engade que é unha obra ambiciosa que necesita un mobiliario ambicioso, e que a Xunta de Galicia o concederá en pouco tempo. Opina que a cuestión é darlle vida á xuventude e que quedarán satisfeitos coa obra, que conta con financiamento da Deputación, da Xunta de Galicia e do Concello.

No relativo ao Parque da Brexa, indica que está pegado a un río, e que é unha zona inundable, polo que é difícil cortar herba nel cando chove e faise mal. En calquera caso, indica que cando chegue o verán estará en perfectas condicións, e que se trata dun parque para disfrutar máis nesa época.


No relativo ao regulamento orgánico municipal, o señor Alcalde manifesta que convocará unha reunión na terceira semana de febreiro para elaboralo e para tratar da participación cidadá.


En canto aos roteiros, indica que están tentando limpalos e sinalalos para primavera; en canto á moción relativa aos voluntarios contra a vespa velutina, manifesta que a agradece un montón, e explica que a Deputación dixo que ía dotalos dun equipo básico, mais que de momento non o fixeron. Engade que espera que os traballos se poidan realizar antes da primavera para poder erradicar ás raíñas.

No relativo á igualdade das mulleres, indica que os dous soldos máis grandes do Concello son de dúas mulleres, e que o persoal está equiparado segundo os convenios que hai, coma por exemplo o persoal de limpeza, ou o de axuda no fogar, e que se os traballadores fosen homes, cobrarían igual. Opina que non hai discriminación por ningún factor, e que se paga o que merece cada un. Engade que hai unha relación de postos de traballo, e que non se paga máis ou menos por ser muller ou home.

No tocante ao Sergas, explica que se enviou a moción e que aínda non contestaron a ella por escrito, mais si verbalmente, e que están plantexando un médico de cabeceira máis, mais din que cumpre a ratio media da comarca da Coruña, aínda que el o discutirá e insistirá.

No relativo á "cidade refuxio" o señor Alcalde manifesta que considera que Carral é só refuxio dos carraleses e dos que queiran vir, e que non contestaron. Indica que nunha emerxencia non se





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

deixa tirado a ninguén , mais que non se pode crear unha "cidade refuxio", porque xa se ve o que está pasando. O señor Couto pregunta se non se remitiu a moción, ao que o señor Secretario responde que si, á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia.

En relación a VARINCA, manifesta o señor Alcalde que non hai nada novo.

En canto ao Plan Xeral de Ordenación Municipal , explica que a Xunta de Galicia "non tumbou nada", pois so realizou un informe previo en relación ao cal haberá que facer explicacións. O señor Couto replica que xa o "tumará" cando se vaia aprobar definitivamente.

Explica que a pista de pádel se vai cubrir e que se vai poñer iluminación nela e facer unha pista polideportiva en canto se poida.

No referente á Reitoral de Taboia, explica que non hai financiamento, e que o cura non ten unha casa alí, senón que solicitou un despacho/oficina por se quere recibir a alguén. Reitera que é un despacho, e que pode quedar a durmir alí, mais que non é o normal. O señor Couto replica que xa esgotaron doce dos trinta anos previstos no convenio, e que habería que facer outro.

En canto á documentación solicitada de EMALCSA, o señor Alcalde indica que non a recibiu, e pregunta ao Secretario se recibe a correspondencia oficial e se a viu, ao que este indica que por el non pasou.

Por último, no relativo ao cambio das sesións do Pleno e á participación, manifesta que se falará no seu caso cando se trate do regulamento orgánico municipal.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 30 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de trinta e unha páxinas numeradas do un ao trinta e un , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luís Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval

